


ENFIANDO

GAÑAR A LIBERDADE

Texto Francisco X.
Fernández Naval
Escritor
Fotografía Silvina Simão



Arriba, o autor do artigo co escritor Bento da Cruz, Joh Patrick Thompson e o irmán do narrador portugués, na aldea de Peireses (Trás-Os-Montes). Abaixo, capa do libro de Bernardo Máiz "Resistencia, guerrilla e represión"



Dende o mes de xuño anda entre nós John Patrick Thompson, profesor norteamericano nacido en Montana, que hai anos decidiu aprender o galego e, con posterioridade, acordou que a súa tese universitaria tería como tema central a novela galega e a Guerra Civil española.

Agora, rematada con éxito a esixencia académica, alimenta a esperanza de rematar un libro no que pensa ordear o material acumulado nos anos de traballo e elaborar tamén un documento audiovisual con entrevistas e paisaxes da memoria, nas que John recolle a voz de escritores, políticos e tamén dos protagonistas dos feitos que lle interesan.

Nesta teima por procurar documentos vitais e literarios, percorreu varias veces o noso país nestes tres meses, esforzándose por axustar unha axenda na que as citas se sucedían, acumulaban e superpoñían ata o inverosímil.

Sei, porque así mo dixo, que ficou impresionado co traballo publicado por Bernardo Máiz, sobre a resistencia, guerrilla e represión en Ferrol e na súa bisbarra, entre os anos 1936 e 1955.

O xoves da primeira semana deste agosto, acompañei a John á aldea de Peireses, á beira de Montalegre, nas terras arraianas de Trás-Os-Montes, moi preto do Couto Mixto. Agardaba por nós Bento da Cruz, o escritor portugués que tamén ten novelado os días tristes da guerra ("O lobo guerrilleiro") e que recentemente publicou un traballo ben documentado sobre a guerrilla anti-

franquista en Trás-Os-Montes.

"É un libro escrito para os portugueses, que aquí non saben nada de todo isto, a vós non vos contará cousa nova", dixo mentres camiñabamos cara á súa casa, pola grande eira do centeo, logo de deixar o coche á sombra dun castiñeiro varias veces centenario. "Tampouco estaría de máis que o leran os galegos", contestei convencido de que ese libro recolle unha parte da nosa historia silenciada.

As vellas pistolas e escopetas que adornan o salón da casa de Bento da Cruz nunca foron usadas por el, pero expresan o carácter desta terra fronteiriza, territorio de contrabando, de fuxidos, de conflitos e de guerras aló polos últimos anos do século XVII e primeiros do XVIII. Pero tamén territorio da veciñanza, do afecto, da solidariedade, como quedou demostrado nos anos do conflito español. Sería posible afirmar que estas terras non quixeron pertencer a máis estado nin goberno que o constituído polas mulleres e homes que o habitaban, dun e doutro lado da raia aleatoria trazada nun despacho.

Falamos con Bento da Cruz durante varias horas, mentres o sol de verán tinxía de luz esta paisaxe mítica. Retornaban as vacas ós cortellos, traspasando cos sons das chocas o silencio do serán de agosto.

De regreso, pensaba eu que somos moitos os que andan, ou andamos, á procura da memoria. Cada día aumenta o número dos que se empeñan no esforzo de devolverlle o nome, a palabra e a inocencia ós silenciados; a dignidade ós mortos dun tempo e dun período histórico que foi a vitoria de ninguén e a derrota de todos.

Quizais nos últimos 25 anos a sociedade española madurou o suficiente como para mirar no interior dos ollos do espanto, porque hai unha páxina da historia que non poderemos pasar ata que acouguen todos os que padeceron a inxustiza, ata que a dor dos inocentes se transforme en aire. Ata que ese momento sexa chegado, non teremos gañado o dereito de ser considerada unha sociedade enteiramente libre.

No cemiterio de San Francisco de Ourense, e por subscrición popular, vaise construír sobre a fosa común dos paseados e fusilados un monumento que os lembra. Non somos diferentes niso a arxentinos, chilenos, urugaios, bosnios, rusos, coreanos ou xudeos.

Un epitafio expresará o sentido das pedras brancas que representan a medida dos primeiros compases do cuarto tempo da quinta sinfonía de Malher, inspirada na heroica de Beethoven: Do voso sacrificio o sangue que aventa liberdade.

